

Á MESA DO PARLAMENTO

Os deputados **Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández, Juan Manuel Fajardo Recouso, Antón Sánchez García, Xosé M. Beiras Torrado** e a deputada **Eva Solla Fernández**, pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre as necesidades en materia de transporte escolar do CEIP O Foxo do Concello de A Estrada.

A sociedade galega asiste preocupada ó progresivo desmantelamento da escola rural que cada ano se ve agravada polo peche de numerosas aulas e mesmo centros de ensino en diferentes vilas e pobos do noso país.

Nos últimos cinco anos, e de acordo coas ordes de catálogos publicadas no DOG, téñense pechado 532 aulas e 103 centros de ensino no medio rural galego, feito que sucede o mesmo tempo que se agrupan nun número cada vez maior, a alumnado de diferentes idades ou de diferentes cursos nunha mesma aula.

Ao mesmo tempo, moitos centros de ensino das áreas urbanas conteñen aulas nas que se amontoan grupos de 30 e ata 35 alumnos e alumnas impedindo o axeitado desenvolvementos dos procesos educativos e a imprescindible atención á diversidade de intereses, motivacións, capacidades e ritmos de aprendizaxe presentes nas aulas.

O despoboamento do rural causado pola falta de medios de vida e a ausencia de políticas de apoio decididas aos sectores primarios, vese agudizada pola falla de servizos públicos esenciais como o a educación a sanidade ao a atención as persoas maiores.

Por todos estes motivos resulta unha evidencia que ata o Goberno galego recoñece a necesidade de artellar mecanismos que permitan desenvolver unha vida digna no medio rural asumindo esta como a única posibilidade de vertebrar o noso país e garantir o seu futuro e viabilidade como pobo.

O caso do concello de A Estrada é a crónica doutra loita pola supervivencia do ensino rural protagonizada por un grupo de familias concienciadas dos valores pedagóxicos que encerran as escolas da contorna, mais aló dos criterios numéricos e economicistas que acotío presiden a política educativa do noso país.

De feito, moitas familias do Concello de A Estrada téñense decantado polo CEIP de O Foxo situado na parroquia de Rubín, aínda que a súa residencia se atope en pleno casco urbano de A Estrada, conscientes da potencialidade dun ensino en contacto co entorno, nun centro ben dimensionado e onde se pode facer realidade a constitución dunha verdadeira comunidade de aprendizaxe. O centro conta na actualidade con 97 alumnos e alumnas escolarizadas sendo o traballo educativo moi valorado tanto por eles como polas súas familias e veciñanza.

Pero estas familias, lonxe de atopar facilidades, apoio e medios ofrecidos pola administración educativa, baten unha vez tras outra coas barreiras erguidas pola Consellería de Educación cuxos responsables negan unha vez tras outra a máis mínima colaboración. De feito o único que piden as familias é poder empregar as prazas dispoñibles no transporte escolar que xa realiza a ruta entre a Estrada e o Foxo para trasladar ao alumnado do IES. Estamos pois, diante dunha petición que non supón investimento de recursos públicos senón só de vontade política e dun mínimo de colaboración por parte das autoridades educativas. Na práctica, o que se está a pedir por parte das familias afectadas e polo ANPA do CEIP O Foxo é o establecemento dunha parada de autobús para que as 8 familias residentes no casco urbano de A Estrada, podan empregar o transporte escolar que xa realiza a ruta ata O Foxo.

As comunidades educativas do rural estradense, vinculadas aos CEIP do Foxo, Codeseda e Oca, colaboran na defensa da supervivencia dun modelo de ensino condenado a desaparecer se non se arbitran as medidas de apoio necesarias e que neste caso, pasan pola actualización da zonificación escolar do concello e pola reorganización do servizo de transporte escolar. Trátase en definitiva de facer que a liberdade de elección de centro esgrimida para defender as millonarias subvencións aos centros de ensino privados-concertados, se aplique tamén para facilitar que aquelas familias que o desexen, podan escolarizar aos seus fillos nunha escola rural do seu concello, sobre todo cando non supón custe algún para a administración como o caso que nos ocupa.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Ten pensado o Goberno galego asumir a solicitude do AMPA do CEIP O Foxo e dotar dunha parada de autobús para que o transporte escolar que fai a ruta entre o casco urbano de A Estrada e O Foxo, poda transportar aos nenos e nenas escolarizados no CEIP de O Foxo e permitirlles empregar este servizo fundamental para dar unha axeitada resposta ao seu dereito á educación?

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 05/02/2016 10:35:39

Jose Javier Ron Fernandez na data 05/02/2016 10:35:48

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 05/02/2016 10:35:56

Eva Solla Fernández na data 05/02/2016 10:36:00

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 05/02/2016 10:36:06

Anton Sánchez García na data 05/02/2016 10:36:11